



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda de **dotación duns locais de ensaio para os grupos musicais en Ribeira.**

EXPOSICION DE MOTIVOS

A música é unha das manifestacións culturais máis importantes do noso país e que polo tanto os poderes públicos debemos apoiar e promocionar.

No concello de Ribeira hai moitas inquietudes musicais por parte dunha mocidade activa e participativa na vida social e cultural do noso concello. É esta mesma mocidade a que leva tempo demandando espazos públicos nos que desenvolver as súas potencialidades creativas especialmente as musicais.

No noso concello hai moitas agrupacións de música folq, rock, hip-hop, etc que non teñen as instalacións acaídas para poder ensaiar e/ou poder gravar os seus primeiros traballos.

Grupos estes que transmitiron ao BNG de Ribeira en reteiradas ocasións a necesidade de habilitar locais de ensaio e que á súa vez o BNG trouxo ao pleno desta mesma Corporación.

Por outra banda a Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galiza, ven traballando nesta liña – dentro do programa “Nsaio”- de promocionar aos grupos musicais galegos e de adecuar locais para que estes poidan ensaiar.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

1º Que dende o **Concello de Ribeira se fagan as xestións oportunas ante Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galiza para que se instalen en Ribeira locais de ensaio** dentro da *Rede do locais de ensaio: “Nsaio”*.

2º Que o **concello de Ribeira poña a disposición** da Dirección Xeral de Xuventude, espazos precisos para poder facer realidade, canto antes, **estes locais ensaio.**

Ribeira, 15 de outubro de 2007

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA